

ANUNCIO

CAMBIO DATA 1º EXERCICIO OPOSICIÓN – ARQUITECTO/A (FUNCIONARIO DE CARREIRA)

Por resolución de alcaldía de data 27/11/2023 modificouse a data de realización do primeiro exercicio da oposición dunha praza de arquitecto/a (*funcionario de carreira*);

“EXPEDIENTE:1969/2022

CAMBIO DE DATA DO PRIMEIRO EXERCICIO DA OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Mediante resolución, de 09 de outubro de 2023 (*Bop núm. 197 do 16/10/2023*), convocouse ós/ás aspirantes admitidos/as no proceso selectivo para a cobertura en propiedade dunha praza de arquitecto (funcionario/a de carreira) para a realización do primeiro exercicio da oposición; o xoves 30 de novembro de 2023 ás 09:30 h. no salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Boiro.

Tendo en conta que, por causas loxísticas e de non disponibilidad por motivos médicos dalgúns dos integrantes do tribunal de selección designados ó efecto, é necesario modificar a data de celebración do primeiro exercicio da oposición.

Considerando as competencias atribuídas ó Alcalde polos artigos 21.1.g. e 102 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- Modificar a data de celebración do primeiro exercicio da oposición (*inicialmente prevista para o 30/11/2023*) do proceso selectivo para a cobertura en propiedade dunha praza de arquitecto (funcionario/a de carreira) e **convocar ós/ás aspirantes** admitidos/as para o **MARTES 12 de DECEMBRO de 2023 ás 09:30 h. no salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Boiro.**

Segundo.- Facer pública, mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, na páxina web do Concello de Boiro www.boiro.gal, e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña a presente resolución.

Terceiro.- Notificar ós membros do Tribunal de Selección e dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.”

Boiro na data que se indica ó marxe, na sinatura dixital.

O alcalde do Concello de Boiro

José R. Romero García

